



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 195 · Mércores, 25 agosto 2021

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Celanova

Ordenanza municipal das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ou axudas de emerxencia pola COVID-19, dirixidas ao mantemento do tecido económico local..... 2

IV. ENTIDADES LOCALES

Celanova

Ordenanza municipal de las bases reguladoras de la concesión, en régimen de concurrencia no competitiva, de subvenciones o axudas de emerxencia por la COVID-19, dirixidas al mantemento del tecido económico local..... 9



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Celanova

Ordenanza municipal das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ou axudas de emerxencia pola COVID-19, dirixidas ao mantemento do tecido económico local (Exp. 755/2021)

O Concello de Celanova publica, en cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o texto completo da Ordenanza municipal das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ou axudas de emerxencia pola COVID-19 dirixidas ao mantemento do tecido económico local". A devandita ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 02.06.2021, e someteuse a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta (30) días hábiles, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº 133, do 14.06.2021, no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, expóndose dende o 15.06.2021 e ata o 26.07.2021. Dado que non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, enténdese aprobada definitivamente, polo que entra en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da precitada Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O texto é como segue:

"Ordenanza municipal das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ou axudas de emerxencia pola COVID-19, dirixidas ao mantemento do tecido económico local.

Base 1.ª Obxecto e finalidade

1.1. Marco xeral

O artigo 25 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade de veciños e veciñas e en particular o fomento do emprego no termo municipal.

En sentido similar, recóllese o artigo 80 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, que sinala, outras competencias nas seguintes materias:

- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de usuarios/as e consumidores/as.

- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.

- A ocupación do tempo libre e o turismo.

- A participación na formación de activos e persoas desempregadas.

Así, a finalidade última destas bases é o fomento e mantemento de emprego en colaboración cos autónomo e Pemes beneficiarios mediante o apoio para o mantemento da actividade empresarial profesional e reducir, deste xeito, as consecuencias económicas e empresariais derivadas da declaración do estado de alarma e a necesaria adaptación á nova realidade provocada polo Covid-19, en especial relativas á perda de emprego e peche de empresas.

1.2. Obxecto e finalidade

As bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a traballadores/as autónomos, microempresas e pequenas empresas cuxo domicilio fiscal radi-

que no termo municipal de Celanova e cumpran os requisitos que se establecen nestas bases.

A finalidade das axudas é contribuír á revitalización do tecido empresarial de Celanova que está sufrindo actualmente as consecuencias das declaracións dos estados de alarma aprobados polo Goberno, en virtude do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo e prorrogado en sucesivas ocasións, e do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en todo o territorio nacional e, en concreto, no termo municipal de Celanova. Concretamente, o obxectivo é financiar parte do gasto corrente das persoas autónomas, micropemes e pemes do Celanova que foron consideradas actividades non esenciais e, polo tanto, pechadas, total ou parcialmente, como consecuencia da adopción de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Real decreto 463/2020, do 14 de marzo de 2020

Real decreto-lei 10/2020, do 19 de marzo de 2020

Base 2.ª réxime xurídico

2.1. Regulación legal

As subvencións rexeranse, nos termos establecidos nos artigos 3 e 5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, polo disposto nestas bases reguladoras e ademais nas seguintes normas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

- Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro de 2009

- Modificación Plan estratéxico de subvencións do Concello de Celanova do exercicio 2021.

Así mesmo, considerarase o disposto nas bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2021 e demais normativa municipal aplicable.

Tamén será aplicable a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais disposicións aplicables e as restantes normas de dereito administrativo, respectando, en todo caso, o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e o Real decreto lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos.

2.2. Réxime de minimis

As axudas que se concedan estarán sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, do 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013).

2.3. Concorrencia

A concesión das subvencións reguladas nesta convocatoria realizaranse en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, isto é, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude ata terminar o crédito orzamentario destinado a esta finalidade e sen prexuízo do disposto na base 3ª en relación coa posibilidade de ampliación do crédito.

2.4. Publicación

As bases reguladoras destas subvencións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, conforme co artigo 9.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, así mesmo, no portal de internet do Concello de Celanova, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

A publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte.

O acordo de resolución será obxecto de publicación no portal de internet do Concello de Celanova (taboleiro de edictos electrónico) e na Base de Datos Nacional de Subvencións, publicación que proporcionará os efectos da notificación. Conforme co artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da citada lei.

Os beneficiarios deberán, así mesmo, facer publicidade das subvencións e das axudas percibidas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e terán que dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Base 3.ª Crédito orzamentario

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 182.700,00 € do vixente orzamento municipal de 2021, financiado con remanente de Tesourería para gastos xerais e con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

4330 479.00 Outras subvencións. Empresas privadas. Desenvolvemento empresarial.

As axudas serán compatibles con calquera outra para a mesma finalidade, sempre que o importe total subvencionado non supere o gasto total realizado e xustificado, contemplando a posibilidade de ampliación de crédito en caso de que a situación así o requirira.

Base 4.ª requisitos

Poderán solicitar a subvención prevista nestas bases as persoas físicas ou xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión das subvencións e que cumpran os seguintes requisitos:

- Que se trate dunha actividade empresarial ou profesional
- Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador/a autónomo), unha microempresa, unha pequena empresa ou unha empresa de economía social.

Para os efectos destas bases terán a consideración de persoas traballadoras autónomas aquelas que tributen mediante o sistema de estimación obxectiva ou ben aqueles que, tributando en estimación directa, non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio anual (recadro 01 modelo 130 ou equivalente que acredita o importe anual).

Para os efectos destas bases, terán a consideración de microempresas e pequenas empresas as que ocupen a menos de quince persoas traballadoras e que non superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio (recadro 00255 modelo 200 ou equivalente).

• Que teña o seu domicilio fiscal no termo municipal de Celanova.

• Que se producese o peche total ou parcial do establecemento como consecuencia da aplicación do disposto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, da Xefatura de Estado, polo que se declara o estado de alarma, no cal se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra a COVID-19, ou no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que

se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2., Exclúense os establecementos de xogo tales como casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas.

• Que a persoa ou empresa solicitante estea exenta do imposto de actividades económicas no exercicio fiscal de 2020, extremo que se comprobará a través do último padrón aprobado.

• Que a persoa ou empresa solicitante estea dada de alta no réxime da Seguridade Social ou na mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal de Administración Tributaria con anterioridade ao 7 de abril de 2021, data na cal se alcanzou acordo provisional en Pleno.

• Que a persoa ou empresa solicitante non se atope incurso en ningunha das circunstancias previstas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e, en particular, estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) coa Atriga e o Concello de Celanova.

Base 5.ª Liña de axudas. Gastos subvencionables

Os gastos subvencionables están orientados a dar apoio para o mantemento da actividade profesional e reducir, deste xeito, as consecuencias económicas e empresariais derivadas das declaracións de estados de alarma e a necesaria adaptación á nova realidade provocada polo Covid-19, en especial relativas á perda de emprego e ao peche de empresas.

Serán gastos elixibles todos aqueles derivados da actividade empresarial e comercial, directamente vinculados á súa xestión nos que os solicitantes tivesen incorrido desde o 14 de marzo de 2020 e ata a data de presentación da solicitude de subvención, entre outros:

- Os gastos de alugueiro de local comercial efectivamente realizados e pagados.

- Gastos de consultaría e xestoría.

- Gastos de subministracións: electricidade, auga, etc.

- Gastos en márketing e promoción dixital, web, publicidade en xeral.

- Gastos sanitarios e de desinfección: máscaras, xel, luvas, limpeza especiais do establecemento.

- Calquera outro gasto corrente vinculado á xestión da actividade, tales como a cota de autónomos.

Base 6.ª Criterios e contías das subvencións

Para os efectos da concesión das subvencións previstas nestas bases, terase en conta a orde temporal de entrada da solicitude.

Establécese un límite máximo de subvención do 100% do total do gasto subvencionable.

Os límites máximos de subvención por beneficiario serán de 400 euros.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do obxecto subvencionable.

Base 7.ª Presentación de solicitudes e resolución do procedemento

7.1. Prazo de presentación de solicitudes e documentación preceptiva.

As solicitudes para participar neste procedemento deberán presentarse no prazo de quince días hábiles, contado desde o día hábil seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do extracto da convocatoria remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións. Da devandita publicación darase información no portal de internet do Concello de Celanova.



O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas nestas bases estará dispoñible na citada web municipal (anexo I) e incluíra unha declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante, que conterá o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade desenvolvida se viu afectada polo peche total ou parcial de establecementos como consecuencia da aplicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, da Xefatura de Estado, da Orde do 21 de outubro de 2020 e/ou da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Xunta de Galicia

- Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nestas bases en canto ao número de traballadores/as, réxime de tributación e importe neto de cifra de negocio.

- Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e que non ten débedas pendentes co Concello de Celanova.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.

- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da súa resolución.

- Que, en caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativas, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

1. No caso de persoas físicas:

a) DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado do pasaporte, se o indica.

b) Certificado actualizado da situación censual que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e o do local de desenvolvemento da actividade.

c) Resolución ou certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou na mutua profesional correspondente.

d) Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle de ente concedinte e importe (ver anexo II). No caso de que esta subvención anterior para a mesma finalidade fose incompatible coas desta orde de axudas, farase constar esta circunstancia neste escrito de comunicación. Neste suposto, o beneficiario deberá presentar un escrito facendo constar a súa renuncia á subvención anterior, conforme co disposto na base 7.4.

e) Última declaración presentada de IRPF para os efectos de acreditar sistema de tributación e importe neto de cifra de negocio anual (modelo 130 ou equivalente).

f) Facturas orixinais ou copias cotexadas e xustificantes de pago bancario ou documento de valor probatorio equivalente que acredite a realización de gastos subvencionables. No caso dos gastos de alugueiro, presentarase tamén o contrato de arrendamento en vigor do establecemento no que se desenvolve a actividade económica obxecto da axuda.

g) Relación clasificada dos ditos gastos realizados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión, e data de pago. (táboa anexo III).

h) Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

2. No caso de persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a) NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado da situación censual da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.

c) Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e rexistrados no rexistro competente; no seu caso, contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

d) Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.

e) DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado polo pasaporte, se o indica, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.

f) Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle de ente concedinte e importe (anexo II). No caso de que esta subvención anterior para a mesma finalidade fose incompatible coas desta orde de axudas, farase constar esta circunstancia neste escrito de comunicación. Neste suposto, o beneficiario deberá presentar un escrito reflectindo a súa renuncia á subvención anterior, conforme co disposto na base 7.4.

g) Certificado emitido pola Seguridade Social no que conste o número medio de traballadores no 2020 e último modelo 200 ou equivalente presentado do imposto de sociedades.

h) Facturas orixinais ou copias cotexadas e xustificantes de pago bancario ou documentos de valor probatorio equivalente que acrediten a realización dos gastos subvencionables. No caso dos gastos de alugueiro, presentarase tamén o contrato de arrendamento en vigor do establecemento no que se desenvolve a actividade económica obxecto da axuda.

i) Relación clasificada dos ditos gastos realizados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión, e data de pago (táboa anexo 3).

j) Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

7.2. Lugar de presentación

As solicitudes presentarase utilizando os modelos anexos na sede electrónica de acceso ao Rexistro Electrónico do Concello de Celanova, a través do portal de internet, conforme co artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.3. Instrución do procedemento. Emenda e publicación de listaxes provisionais de solicitudes admitidas.

Unha vez recibidas as solicitudes, o concello contará cun prazo máximo de 30 días hábiles para levar a cabo a instrución do procedemento e realizar de oficio as actuacións que considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que deba formular a proposta de resolución.

Unha vez analizadas as solicitudes presentadas e a documentación que as acompaña, procederase a elaborar a proposta de resolución coas solicitudes admitidas e as axudas concedidas e

denegadas. A proposta de resolución será publicada no portal de internet do Concello de Celanova. Outorgarase un prazo de 10 días hábiles para a formulación de alegacións e a emenda de posibles deficiencias. Aquelas persoas ou empresas solicitantes que tivesen débedas pendentes co Concello de Celanova no momento de presentación da solicitude, poderán proceder ao seu pagamento durante este prazo.

7.4. Resolución do órgano competente e pago das axudas aprobadas.

Unha vez transcorrido o prazo para a presentación das alegacións e da súa emenda, contemplado na proposta de resolución e resoltas estas, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo para a aprobación definitiva das axudas e, deseguido, procederase ao pago destas sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

Naqueles casos nos que o beneficiario obtivese unha subvención anterior para a mesma finalidade e esta fose incompatible coas desta orde de axudas, a resolución de concesión por parte da Xunta de Goberno local condicionarará os seus efectos á presentación por parte do beneficiario da renuncia á subvención previamente obtida, así como no seu caso, do reintegro dos fondos públicos que percíbise (artigo 33.1 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións). Do mesmo xeito, o beneficiario da subvención no marco desta orde de axudas poderá renunciar a esta se posteriormente se lle concedese outra subvención para a mesma finalidade, que fose incompatible coa primeira. Para isto, deberá presentar no rexistro do concello un escrito de renuncia á subvención nun prazo máximo de dous meses desde a data da resolución de concesión da axuda.

O concello pola súa parte, procederá a esixir o reintegro da subvención cando teña coñecemento de que un beneficiario ten percibido outra ou outras subvencións incompatibles coa outorgada sen ter efectuado a correspondente renuncia.

A notificación do acordo da Xunta de Goberno Local, xunto coa transferencia correspondente á axuda concedida, trasladarase aos beneficiarios aos que se vaia realizar o pago nun prazo máximo de dez días hábiles dende a data da resolución da Xunta de Goberno Local.

Base 8.^a Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

Son obrigacións das persoas beneficiarias:

a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

b) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e, en particular:

- Obter a subvención falseando as condicións requiridas.
- Ocultar as condicións que impediron a súa autorización.
- Amosar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

c) Cumprir as restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

d) Que a actividade para a cal recibe a subvención se manteña, polo menos, durante os 6 meses posteriores á súa obtención.

Base 9.^a Infraccións e sancións e reintegro da subvención

En canto ás infraccións e sancións, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa que resulte de aplicación.

Procederá a revogación das subvencións reguladas nestas bases, así como o reintegro total ou parcial do importe percibido, cando proceda, de acordo co disposto no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o título III do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, correspondendo a adopción do acordo ao mesmo órgano que aprobouse a súa concesión.

Base 10.^a Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra ela cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 11.^a Entrada en vigor e vixencia

Esta ordenanza municipal das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ou axudas de emerxencia pola Covid-19 dirixidas ao mantemento do tecido económico local entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Con posterioridade, publicarase o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense que iniciará o prazo de presentación de solicitudes a partir do primeiro día hábil seguinte (Base 2.4 e 7.1)''

Anexo I
Modelo de solicitude de axuda

1. Datos de identificación da persoa solicitante

DNI/ CIF:	Nome e apelidos / Razón social:	
Enderezo completo:		
Municipio:	Código postal:	Teléfono:
Correo electrónico:		
Nome comercial do establecemento:		
Enderezo completo so establecemento:		

2. Declaración Responsable

Don/Dona _____, con DNI _____

en representación da empresa/empregador _____ con NIF/CIF: _____

Declara responsablemente

- ✓ Que a actividade desenvolvida se viu afectada polo peche total ou parcial de establecementos como consecuencia da aplicación da Orde do 21 de outubro de 2020 e/ou da Orde do 26 de xaneiro de 2021 da Xunta de Galicia.
- ✓ Que a persoa solicitante reúne os requisitos regulados nestas bases en canto ao número de traballadores/as, réxime de tributación e importe neto anual de cifra de negocio e está exenta do pago do imposto de actividades económicas.
- ✓ Que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TXSS), coa Atriga e non ten débedas pendentes co Concello de Celanova.
- ✓ Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pagamento establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro e, en concreto, nos apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34.
- ✓ Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- ✓ Que a persoa solicitante se compromete á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e a cumprir co compromiso de comunicar, o máis axiña posible, as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da súa resolución e do fin do prazo de xustificación.
- ✓ Que, en caso de tratarse dunha comunidade de bens, cooperativa, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica, non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 da devandita lei.

3-Solicitude que se formula:

Concesión da subvención dentro da convocatoria regulada nestas bases do Concello de Celanova, anualidade 2021, por unha contía de _____ euros.

(O máximo de subvención por beneficiario será de 400 euros).

3. Documentación que se achega

A) No caso de persoas físicas.

 DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado do pasaporte, se o indica. Certificado actualizado da situación censual que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e o do local de desenvolvemento da actividade. Resolución ou certificación de alta no réxime especial de traballadores autónomos ou na mutua profesional correspondente. Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle do ente concedinte e importe (ver anexo II). No caso de que esta subvención anterior para a mesma finalidade fose incompatible coas desta orde de axudas, farase



constar esta circunstancia neste escrito de comunicación. Neste suposto, o beneficiario deberá presentar un escrito facendo constar a súa renuncia á subvención anterior, conforme co disposto na base 7.4.

Última declaración presentada de IRPF para os efectos de acreditar sistema de tributación e importe neto de cifra de negocio anual (modelo 130 ou equivalente).

Facturas orixinais ou copias cotexadas e xustificantes de pago bancario ou documento de valor probatorio equivalente que acredite a realización de gastos subvencionables. No caso dos gastos de alugueiro presentárase tamén o contrato de arrendamento en vigor do establecemento no que se desenvolve a actividade económica obxecto da axuda.

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que incluíra unha relación clasificada dos ditos gastos realizados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión, e data de pago.

Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

B) No caso de persoas xurídicas, sociedades civís, comunidades de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

Certificado actualizado da situación censual da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, o local de desenvolvemento da actividade.

Escritura de constitución e estatutos da persoa xurídica actualizados e rexistrados no rexistro competente; no seu caso, contrato de constitución debidamente rexistrado da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

Acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.

DNI polas dúas caras ou NIE, acompañado polo pasaporte, se o indica, da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, en caso de non ser a mesma.

Comunicación de subvencións concedidas coa mesma finalidade con detalle do ente concedinte e importe (anexo II). No caso de que esta subvención anterior para a mesma finalidade fose incompatible coas desta orde de axudas, farase constar esta circunstancia neste escrito de comunicación. Neste suposto, o beneficiario deberá presentar un escrito reflectindo a súa renuncia á subvención anterior, conforme co disposto na base 7.4.

Certificado emitido pola Seguridade Social no que conste o número medio de traballadores no 2020 e último modelo 200 ou equivalente presentado do imposto de sociedades.

Facturas orixinais ou copias cotexadas e xustificantes de pago bancario ou documentos de valor probatorio equivalente que acrediten a realización dos gastos subvencionables. No caso dos gastos de alugueiro presentárase tamén o contrato de arrendamento en vigor do establecemento no que se desenvolve a actividade económica obxecto da axuda.

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, que incluíra unha relación clasificada dos ditos gastos realizados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión, e data de pago.

Documento acreditativo da titularidade da conta bancaria na que se deba facer o ingreso do importe da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

..... de de 2021

(Asdo. pola persoa interesada)

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CELANOVA

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivados dos procedementos e as consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do concello.



Anexo II
Certificación sobre a concorrencia e compatibilidade de axudas

Don/Dona,
co NIF/NIE n.º, na súa condición de.....
e actuando en nome e representación da entidade
co CIF n.º, con enderezo en.....

Certifica que:

- A entidade/persoa non ten solicitado ningunha outra axuda ou subvención, pública ou privada, destinada a financiar os gastos incluídos nesta solicitude
- A entidade/persoa ten actualmente solicitadas as seguintes axudas para os gastos incluídos nesta solicitude, as cales se atopan pendentes de concesión.

Axuda solicitada	Entidade

- A entidade recibiu as seguintes axudas destinadas a financiar os gastos incluídos nesta solicitude.

Axuda solicitada	Entidade	Compatibilidade con esta axuda (si/non)*

*No caso de que a axuda concedida con anterioridade para a mesma actividade sexa incompatible coa actual, é preciso achegar o documento de renuncia á dita axuda anterior remitido á entidade concedinte.

....., de de

Asinado:

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do concello relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do concello.

Contra esta disposición de carácter xeral, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer, de conformidade co disposto nos artigos 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 10.1.b) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, recurso contencioso-administrativo ante a sala da dita xurisdición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se publique este edicto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 46.1 da precitada Lei 29/1998, do 13 de xullo). Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Celanova, o día indicado na marxe. O alcalde.

Asdo.: Antonio Puga Rodríguez.

(Asinado electronicamente na marxe).

Anuncio

Ordenanza municipal de las bases reguladoras de la concesión, en régimen de concurrencia no competitiva, de subvenciones o ayudas de emergencia por la COVID-19, dirigidas al mantenimiento del tejido económico local (exp. 755/2021)

El Ayuntamiento de Celanova publica, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, el texto completo de la “Ordenanza municipal de las bases reguladoras de la concesión, en régimen de concurrencia no competitiva, de subvenciones o ayudas de emergencia por la COVID-19 dirigidas al mantenimiento del tejido económico local”. Dicha ordenanza fue aprobada inicialmente por el Pleno de la Corporación, en la sesión ordinaria que tuvo lugar el día 02.06.2021, y se sometió a información pública y audiencia a las personas interesadas por el plazo de treinta (30) días hábiles, mediante anuncio publicado en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense nº 133, de 14.06.2021, en el tablón de edictos del ayuntamiento y en el tablón de anuncios de la sede electrónica del ayuntamiento, exponiéndose desde el 15.06.2021 y hasta el 26.07.2021. Dado que no se presentó ninguna reclamación o sugerencia, se entiende aprobada definitivamente, entrando en vigor una vez transcurrido el plazo previsto en el artículo 65.2 de la precitada Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

El texto es como sigue:

“Ordenanza municipal de las bases reguladoras de la concesión, en régimen de concurrencia no competitiva, de subvenciones o ayudas de emergencia por la COVID-19, dirigidas al mantenimiento del tejido económico local”.

Base 1ª. Objeto y finalidad

1.1. Marco general

El artículo 25 de la Ley 7/1985, de Bases de Régimen Local, indica que el municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, podrá promover toda clase de actividades y prestar todos los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y las aspiraciones de la comunidad de vecinos y vecinas y en particular el fomento del empleo en el término municipal.

En sentido similar, recoge en el artículo 80 de la Ley 5/1997, de Administración Local de Galicia, que señala, otras competencias en las siguientes materias:

- Abastos, mataderos, ferias, mercados y defensa de usuarios/as y consumidores/as.
- La prestación de los servicios sociales y la promoción y inserción sociales.
- La ocupación del tiempo libre y el turismo.
- La participación en la formación de activos y personas desempleadas.

Así, la finalidad última de las presentes bases es el fomento y mantenimiento de empleo en colaboración con los autónomos y PYMES beneficiarios mediante el apoyo para el mantenimiento de la actividad empresarial profesional y reducir, de este modo, las consecuencias económicas y empresariales derivadas de la declaración del estado de alarma y la necesaria adaptación a la nueva realidad provocada por la COVID-19, en especial relativas a la pérdida de empleo y cierre de empresas.

1.2. Objeto y finalidad

Las bases tienen por objeto regular la convocatoria para la concesión de ayudas destinadas a trabajadores/as autónomos, microempresas y pequeñas empresas cuyo domicilio fiscal radique en el término municipal del Celanova y cumplan los requisitos que se establecen en las presentes bases.

La finalidad de las ayudas es contribuir a la revitalización del tejido empresarial de Celanova que está sufriendo actualmente las consecuencias de las declaraciones de los estados de alarma aprobados por el Gobierno en virtud del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, y prorrogado en sucesivas ocasiones, y del Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre, para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19, en todo el territorio nacional y, en concreto, en el término municipal de Celanova. Concretamente, el objetivo es financiar parte del gasto corriente de las personas autónomas, micropymes y pymes de Celanova que fueron consideradas actividades no esenciales y, por lo tanto, cerradas, total o parcialmente, como consecuencia de la adopción del Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo de 2020, y del Real Decreto-Ley 10/2020, de 19 de marzo de 2020, prevenciones específicas como consecuencia de la evolución de la situación epidemiológica derivada de la COVID-19 en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Base 2ª. Régimen jurídico

2.1. Regulación legal

Las subvenciones se regirán, en los términos establecidos en los artículos 3 y 5 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, por lo dispuesto en estas bases reguladoras y además en las siguientes normas:

- Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y su Reglamento de desarrollo, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de julio.

- Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y su Reglamento de desarrollo aprobado por el Decreto 11/2009, de 8 de enero de 2009.

- Modificación del Plan Estratégico de Subvenciones del Ayuntamiento de Celanova del ejercicio 2021.

Asimismo, se considerará lo dispuesto en las bases de ejecución del presupuesto municipal para el ejercicio 2021 y demás normativa municipal aplicable.

También será aplicable la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y demás disposiciones aplicables y las restantes normas de derecho administrativo, respetando, en todo caso, lo establecido en la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, y en el Reglamento UE 2016/679, del Parlamento Europeo y el Real Decreto Ley 5/2018, de 27 de julio, de medidas urgentes para la adaptación del Derecho español a la normativa de la Unión Europea en materia de protección de datos.

2.2. Régimen de minimis.

Las ayudas que se concedan estarán sometidas al régimen de minimis, regulado por el Reglamento (UE) 1407/2013, de 18 de diciembre, de la Comisión, relativo a la aplicación de los artículos 107 y 108 del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea a las ayudas de minimis (DOUE L352 de 24 de diciembre de 2013).

2.3. Concurrencia

La concesión de las subvenciones reguladas en esta convocatoria se realizarán en régimen de concurrencia no competitiva, de acuerdo con lo establecido en el artículo 19.2 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, esto es, se tendrá en cuenta el orden temporal de entrada de la solicitud hasta terminar el crédito presupuestario destinado a esta finalidad y sin perjuicio de lo dispuesto en la base 3ª en relación con la posibilidad de ampliación del crédito.

2.4. Publicación

Las bases reguladoras de estas subvenciones se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, conforme al artículo 9.3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de



Subvenciones y, asimismo, en el portal de internet del Ayuntamiento de Celanova, así como en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS).

La publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense iniciará el plazo de presentación de solicitudes a partir del primer día hábil siguiente.

El acuerdo de resolución será objeto de publicación en el portal de internet del Ayuntamiento de Celanova (tablón de edictos electrónico) y en la Base de Datos Nacional de Subvenciones, publicación que proporcionará los efectos de la notificación. Conforme al artículo 18 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se deberá remitir a la Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre las convocatorias y las resoluciones de concesión recaídas en los términos establecidos en el artículo 20 de la citada ley.

Los beneficiarios deberán, asimismo, hacer publicidad de las subvenciones y las ayudas percibidas en los términos y condiciones establecidos en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de Transparencia, Acceso a la Información Pública y Buen Gobierno, y tendrán que dar la idónea publicidad del carácter público de la financiación de programas, actividades, inversiones o actuaciones de cualquier tipo que sean objeto de subvención, en los términos reglamentariamente establecidos.

Base 3ª. Crédito presupuestario

La cuantía destinada a atender estas subvenciones asciende a un importe total de 182.700,00 € del vigente presupuesto municipal de 2021, financiado con remanente de Tesorería para gastos generales y con cargo a la siguiente aplicación presupuestaria:

4330 479.00 Otras subvenciones. Empresas personales. Desarrollo empresarial.

Las ayudas serán compatibles con cualquier otra para la misma finalidad, siempre que el importe total subvencionado no supere el gasto total realizado y justificado, contemplando la posibilidad de ampliación de crédito en caso de que la situación así lo requiera.

Base 4ª. Requisitos

Podrán solicitar la subvención prevista en las presentes bases las personas físicas o jurídicas, así como las comunidades de bienes, sociedades civiles u otras entidades económicas sin personalidad jurídica legalmente constituidas que lleven a cabo las actividades empresariales que motivan la concesión de las subvenciones y que cumplan los siguientes requisitos:

- Que se trate de una actividad empresarial o profesional.
- Que la actividad sea desarrollada por una persona física (trabajador/a autónomo/a), una microempresa, una pequeña empresa o una empresa de economía social.

A efectos de las presentes bases tendrán la consideración de personas trabajadoras autónomas aquellas que tributen mediante el sistema de estimación objetiva o bien aquellos que, tributando en estimación directa, no superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio anual (casilla 01 modelo 130 o equivalente que acredita el importe anual).

A efectos de las presentes bases, tendrán la consideración de microempresas y pequeñas empresas las que ocupen a menos de quince personas trabajadoras y que no superen un millón de euros de importe neto de cifra de negocio (casilla 00255 modelo 200 o equivalente).

- Que tenga su domicilio fiscal en el término municipal de Celanova.

- Que se produjera el cierre total o parcial del establecimiento como consecuencia de la aplicación de lo dispuesto en el

Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, de la Jefatura de Estado, por el que se declara el estado de alarma, en el cual se regula un permiso retribuido recuperable para las personas trabajadoras por cuenta ajena que no presten servicios esenciales, con el fin de reducir la movilidad de la población en el contexto de la lucha contra la COVID-19, o en el Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre, por el que se declara el estado de alarma para contener la propagación de infecciones causadas por el SARS-CoV-2. Se excluyen los establecimientos de juego tales como casinos, salas de bingo, salones de juego y tiendas de apuestas.

